

PEZA DO MES

maio

2009



XERRA CERÁMICA



XERRA CERÁMICA

No curso da intervención arqueolóxica no soar do edificio do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense localizamos un conxunto de fragmentos cerámicos que nos ofrecían unha pasta que se separaba definitivamente dos fragmentos cerámicos maioritarios do seu nivel, caracterizados por seren cerámicas de pasta grises, con abundantes espelliños micaceos e graos de seixo de calibre de ata medio centímetro.

Pouco a pouco os fragmentos recollidos permitíronnos recomponer a forma dun xerro, isto é unha peza cunha asa e pico vertedoiro oposto, de forma tronco-cónica, máis ancho na parte baixa, onde un pe en anel lle proporciona estabilidade a un fondo convexo, que na boca (o seu diámetro, 6,5 cm, é a metade da base, 13 cm) onde remata a asa, de sección ovalada, e onde arrinca, moi destacada a biqueira. Ten un total de 31 cm de altura.

A súa pasta é de cor laranxa intensa, e está recuberto, na súa totalidade, dun vedrio estanífero, brancuzo, bomoxéneo, presentando no exterior unha decoración en dourado e azul. A decoración desenvólvese en bandas sobre a superficie do xerro e cun motivo unico, en dourado, no pico vertedoiro. De abaixo arriba encontrámonos cunha banda dourada lisa, outra banda de ángulos entre dúas liñas finas, outra banda

dourada grosa, como a primeira. Segue outra banda, ancha, con tema que coidamos epigráfico coas letras con remate de tipo vexetal estilizado, para a continuación mostrar unha banda continua en azul, para seguir con outra banda ancha de temas estilizados. Unha nova banda en azul, coma a anterior, deixa paso a dúas bandas, unha de decoración vexetal entrelazada e outra banda ancha dourada que marca o bordo do vaso para rematar co motivo do seu pico vertedoiro.

O lugar onde apareceu é a estancia do nacente do interior da Torre gótica de Santa María, no ángulo entre a parede exterior do primitivo Pazo románico e a parede norte da adega episcopal que se lle adosou nos anos finais do século XII ou comezos do século XIII. Este espazo, que nas datas do século XII e XIII era un exterior do recinto, pasou logo a ser o interior da torre construída no século XIV.

Neste punto fíxose unha das sondaxes arqueolóxicas da última fase de intervencións, na que logo do picado e eliminación do pavimento de baldosas recente (cota 134,55) parece unha somera capa de preparación e xa unha capa de terra marrón oscuro-estrato II- que cubría a zapata do alicerce do muro románico do pazo e se achegaba ao muro da adega do pazo e no que se recolleron tellas e algúns fragmentos de cerámica vidrada tardía (albarellos). Unha capa de tellas continua, con disposición case horizontal (III) cubría un nivel de uso de terra grisacea (IV) sobre un pavimento de sabrego compactado (V). O piso conformouse con tellas e restos de incendio intenso (VI), que recubre outro de semellante ou meirande intensidade de lume, que mesmo vitrificou algúns fragmentos cerámicos (VII) e que coma os anteriores se adosa ao muro da adega románica. Asenta sobre un piso de barro laterado pola acción do lume, moi resistente (VIII) e sela os niveis inferiores (IX e XII), de areas con cascallo de obra, restos oseos, cunchas de ostra e cerámicas grises así como algún fragmento pintado, formando parte dos niveis asociados á construción da adegade incendio que neste punto se documentan e que semellan anteriores á construción da propia torre, xa no século XIV.

A gabia do alicerce do muro transversal da torre gótica, rompe os pisos dos niveis V e VIII, así como os seus correspondentes de uso e de derrumbe das cubertas, e se colmata novamente cos mesmos materiais revoltos, e acada a cota 133.21

A peza, que identificamos como unha produción foránea vencellada a producións en azul e dourado da zona nazarí ou valenciana, prantexanos certos problemas de identificación formal e de procedencia, mesmo algúns cronolóxicos atendendo ao nivel arqueolóxico no que se atopou, xa que pola interpretación que facemos da súa posición estratigráfica debería corresponder ao período final do século XIII, ou como moito de primeiro tercio do século XIV.

No que atinxe á louza dourada aínda está sen resolver de xeito definitivo a súa orixe. É, sen dúbida unha



creación islámica, que se estendeu nos séculos IX e X e que no mundo andalusí víuse favorecida pola novidade técnica da utilización do esmalte estannífero que permite un fondo uniforme de superficie abranzuzada e opaca, sobre o que se aplica a cor e se remata co esmalte chumbado incoloro que lle da unha meirande transparencia, seguindo un proceso técnico de certa complexidade que ten sido descrito con detalle por Martínez Caviro. Así, a técnica e a produción coñecen un grande desenvolvemento en terras andaluzas, especialmente en Malaga, o que fai que durante moitos anos se citen estes produtos como “opera Maliqa”, abondando as citas escritas dende a primeira de el Idrisi en 1154.

A súa calidade e posesión eran signo de estatus, de riqueza e poder, por iso mesmo non resulta estrano que tiveran unha grande difusión e se estenderan polo Atlántico ata as Illas Británicas e o Mar do Norte e ata o Oriente. E mesmo sabemos, como nos informa Coll Conesa, da importación deste tipo de pezas pola corte inglesa, xa que en 1289, por encargo da raiña Leonor de Castela, casada con Eduardo I, mercou diversas pezas en Southampton, e en 1303 Domingo de Subist mercou en Sandwich platos e xerras de “terre de Malyk”.

Un dos feitos máis relevantes da baixa idade media no ameto doméstico foi a definitiva consolidación e uso de vaixela de alta calidade e procedencia foránea ou a incorporación de certos elementos ao mobiliario da casa, pero non se produce a súa universalización, senon que se rediciu aos grupos sociais con meirandes posibilidades económicas: os altos dignatarios eclesiais e da nobreza.

E non podemos substraernos ao feito de que a chegada deste material foi máis frecuente onde existía unha meirande receptividade ou, mesmo coñecemento, desa realidade: os ambientes cortesanos e urbanos, pois se trata de peza máis de salons e de



LUGAR ONDE APARECEU A PEZA

mesa que de cociña, e de ostentación máis que uso. Niste caso a cerámica é signo de estatus, de riqueza, e se manifesta en paralelo ao outros bens, algúns mobles e, sobre todo, teas, pero tamén outros obxectos persoalizados, como libros de devoción, sobe todos os miniados.

A cerámica garda relación coas teas, e así os temas ornamentais e mesmo as cores coinciden nunhas e outras, e tamén sobre outros obxectos. Por iso mesmo non resulta estrana a confluencia e se as teas importadas de centros de produción lonxana revisten os corpos, as vaixelas de calidade e semellante procedencia axudaran a vestir os salons e o interior das casas, como a exhibición de riqueza e reivindicación de poder no ameto social; unha lingoaxe simbólica a través da cultura material reforza a imaxe nun mundo onde a escrita é dominio dun número moi reducido de persoas, e aquela imaxe reforza.


Finalmente unha consideración sobre os circuitos que permiten o comercio e a chegada deste tipo de obxectos a Galicia e aos seus espazos urbanos, onde a evidencia arqueolóxica os mostra, e onde os estudos de M^ª Luisa Castro Lorenzo e Xosé Suárez, entre outros, os teñen definido. Se para o momento baixomedieval, o comercio marítimo actúa como un elemento ben documentado, aínda que entre os produtos sexa moi rara a referencia ás cerámicas, as relacións marítimas na etapa anterior, incluso no século XIII avanzado, son menos intensas e podemos pensar noutras vías que facilitan que se documenten pezas desa data neste contexto. E pensamos que a presenza de nobres ourensans na empresa da Reconquista representa unha desas vías de contacto que posibilita o coñecemento do atractivo que aqueles produtos tiñan e co que, sen dubida, regresaban ao seu lugar de orixe como mostra da súa presenza e do estatus adquirido.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana— da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:
<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En tanto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9,30 a 14,30h
16,00 a 21,00h
domingo: 9,30 a 14,30h
luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

Horario de atención ao público: de luns a venres, de 9,30h a 14,30h e de 16,00h a 20,30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Francisco Fariña Busto.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: Eidograf.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE